

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso dunha valoración de dependencia

Expediente: G.6.Q/106/18

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] debido ao retraso dunha valoración de dependencia.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que o 23/10/17 presentouse solicitude inicial de dependencia de [REDACTED]. Dende a data de presentación da solicitude non tivo constancia de ningún trámite administrativo en relación co expediente. Segundo o Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento, concretamente no artigo 14, o prazo para resolver o procedemento de recoñecemento do grao e nivel de dependencia é de tres meses dende a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a instrución e resolución do expediente, polo que se está retrasando. O prazo de espera é demasiado longo para resolver un expediente que a priori evidencia unha situación de vulnerabilidade.
2. Ante iso requirimos información á Consellería de Política Social, que nola remitiu. Nela sinalase o seguinte: “Data entrada solicitude de recoñecemento de nivel e grao de dependencia: 23/10/2017. Os expedientes tramítanse por orde de entrada seguindo a orde de prelación establecida no artigo 26 do Decreto 15/2010 do 4 de febreiro, agás dos casos excepcionais previstos normativamente. A solicitante correspóndelle á área de Santiago, unidade que, debido a circunstancias sobrevidas, está a sufrir un retraso na fase de valoración, motivo polo que, a pesares do grande esforzo de cara a diminuír os tempos de valoración, o cumprimento da orde de prelación establecida fai que, inevitablemente, se atopen solicitantes á espera do citado trámite”.
3. Para completar o informado puxémonos en contacto directo cos afectados, que indicaron que a valoración segue sen facerse.

## ANÁLISE

1. Confírmase que o procedemento se atopa demorado na valoración. A consellería alega que a área de Santiago sofre retrasos para valorar, que os solicitantes teñan que esperar e que en calquera caso as valoracións se dan seguindo a orde que cita. Porén, iso non pode entenderse como unha xustificación para incumplir os prazos para valorar.

2. O Decreto 15/2010 conforma dúas fases do procedemento, unha para valorar e outra para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA), e establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15).

3. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos; as demoras prexudican aos cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e cuidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

4. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a realizar unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e os amparará especialmente para o goce dos dereitos que este Título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

## CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

*Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da queixa, relativo á valoración e os servizos ou prestacións derivados da lei de dependencia, que se*

*atopa demorado; e que con carácter xeral se solucionen os problemas que afectan a algúns equipos de valoración e prexudican aos afectados.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes dea conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución, incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente,

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo